

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 5 DE MARZO DE 2015

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:06 horas do día 5 de marzo de 2015, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do 16.02.2015

Non habendo obxeccións, a acta queda aprobada.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 1375/2014 á 1436/2014 e dende o número 1/2015 á 114/2015

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta do informe de intervención e tesourería correspondente ao 4º trimestre de 2014 sobre o cumprimento das previsión establecidas na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

Os concelleiros danse por informados.

4. Dación de conta do informe conxunto da intervención e tesourería correspondente ao 4º trimestre de 2014 sobre o período medio de pagamento aos provedores segundo establece o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo

Os concelleiros danse por informados.

5. Dación de conta do informe de intervención correspondente ao 4º trimestre de 2014 sobre a abrigas de subministro de información previstas no artigo 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira

Os concelleiros danse por informados.

6. Aprobación, se procede, do expediente de suplemento de crédito 2/2015

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente por 3 votos a favor do grupo do PP e 3 abstencións, (2 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego que se realizou o 23.02.2015:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de créditos nº 2/2015, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 2/2015 de suplemento de crédito financiados con baixas por anulación de créditos por un importe global de 35000.00 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :

Aplicación orzamentaria incrementada polo suplemento de crédito:

APLIC. ORZ.	PROX. GASTO	CONCEPTO	IMPORTE (€)
453/61900	C10	Obras pavimentación rua Xerardo Díaz	35000.00

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo a baixas por anulación de créditos da seguinte aplicación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	DISMINUCION	CREDITO DEFINITIVO	Breve explicación da baixa na consignación sen perturbación dos servizos
CODIGO	DENOMINACION				
151/60000	Urbanismo. Adquisición terreos	67582.14	35000.00	35582.14	Crédito sobrante

2º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 16 de febreiro de 2015.

O ALCALDE

Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que este suplemento de crédito faise para dotar de orzamento a obra de pavimentación da rúa Xerardo Díaz na parte que lle corresponde ao concello xa que outra parte a subvenciona a Deputación.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que pregunta, que marxe vai quedar nos vindeiros meses para facer fronte a adquisición de terreos necesarios para acometer diversas obras que xa están previstas?

Contéstalle o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que xa explicou na Comisión de Facenda que se trata de utilizar créditos dunha partida que foi mal axustada por un erro persoal que cometeu á hora de elaborar os orzamentos, pois esta partida conta cunha cantidade que non é correcta, o que non significa que se elimine a adquisición de terreos e non se vai deixar de facer ningunha cousa que se tivera prevista.

O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, di que, como xa manifestou anteriormente, considera a obra necesaria e segue a manter as dúbidas respecto da posibilidade do concello de mercar terreos e manter os investimentos necesarios no futuro, pero se o concelleiro mantén que non vai provocar futuras actuacións, non vai ser o seu grupo quen se opoña a facer esta obra.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que, como dixeron na Comisión de Facenda, están de acordo coa realización da obra, pero non están de acordo coa partida da que se sacan os cartos, aínda que se dixo que houbera un erro. Non obstante, pensa que hai moitos sitios no concello no que se poden mercar terreos para ampliar rúas cortadas por falla de cartos no seu momento, para facer ampliacións como pode ser no Torreón ou no Sarteago ou os terreos precisos para a auga de Magalofes, por iso pensan que non se debía diminuír esa partida, xa que hai moitas inversións que se poden facer con eses cartos, polo que vai ir en prexuízo do Concello. Por todo isto, anuncia a abstención, aínda estando a favor da realización da obra.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que entende que a obra é necesaria e, tendo en conta os informes, anuncia a abstención para facilitar a súa realización.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP, con 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Aprobar o expediente nº 2/2015 de suplemento de crédito financiados con baixas por anulación de créditos por un importe global de 35000.00 € de conformidade co previsto no TRLRFL. O detalle é o seguinte :

Aplicación orzamentaria incrementada polo suplemento de crédito:

APLIC. ORZ.	PROX. GASTO	CONCEPTO	IMPORTE (€)
453/61900	C10	Obras pavimentación rúa Xerardo Díaz	35000.00

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo a baixas por anulación de créditos da seguinte aplicación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	DISMINUCION	CREDITO DEFINITIVO	Breve explicación da baixa na consignación sen perturbación dos servizos
CODIGO	DENOMINACION				
151/60000	Urbanismo. Adquisición terreos	67582.14	35000.00	35582.14	Crédito sobrante

2. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no taboleiro de edictos deste Concello.

3. O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

7. Aprobación, se procede, da proposta de modificación dos Anexos de persoal do orzamento 2014 prorrogado no 2015

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente por 5 votos a favor (3 do grupo do PP e 2 do grupo do BNG) e 1 abstención do grupo mixto na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego que se realizou o 23.02.2015:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO: MODIFICACION DOS ANEXOS DE PERSONAL FUNCIONARIO E LABORAL DO ORZAMENTO DE 2014, PRORROGADO Ó 2015.

A Xunta de Goberno local en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de xullo aprobou o orzamento xeral do Concello para o exercicio 2014. Con data de 30 de decembro, mediante resolución da Alcaldía acordouse a prórroga do orzamento do 2014 ó exercicio 2015.

Por outra banda, o Pleno do concello en sesión celebrada o 03/10/2013 aprobou inicialmente a relación de postos de traballo do Concello, documento que trala publicación no BOP de 27/12/2013, entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2014.

Como consecuencia da aprobación da relación de postos de traballo, procedeuse á aprobación polo Pleno da Corporación da modificación do convenio colectivo do personal laboral en sesión de 7 de novembro, sendo pulicado no BOP o día 10/01/2014.

Asimesmo e trala entrada en vigor da relación de postos, mediante resolución da alcaldía nº 298/2014 de 3 de abril procedeuse á adscribir de modo provisional/definitiva ós traballadores municipais.

A relación de postos de traballo determina no seu clausulado que “(...)En todo caso, respecto deste proceso de valoración, aplicáronse unha serie de principios e criterios básicos e xerais;

1. O proceso de elaboración de RPT garante, en todo caso, o mantemento do nivel salarial de tódolos traballadores do Concello de Fene, respectando os dereitos retributivos adquiridos e consolidados con anterioridade. Deste xeito, nos casos en que como resultado do proceso de valoración incorporado na RPT, se produza unha minoración das retribucións percibidas con anterioridade por parte dos seus ocupantes, e que sexan propias e fixas do posto/praza desempeñado, estos terán dereito ao mantemento das mesmas. Dita cláusula de mantemento das condicións retributivas terá carácter persoal, e a súa aplicación se vinculará, únicamente, aos ocupantes actuais dos postos, de tal xeito que, unha vez que estos deixen de estar vinculados aos mesmos, os novos ocupantes percibirán as retribucións derivadas da valoración incluída na RPT, que serán as propias do posto.

2. O sistema retributivo obxecto de valoración (Complemento de Destino e Complemento Específico), así como os niveis e contías económicas resultantes e asignadas aos diferentes postos incluídos na RPT, só serán de aplicación directa ao persoal que se adscriba e/ou vincule ao seu desempeño; isto é, a percepción, por parte do persoal municipal, do Complemento de Destino e Específico que se veñen de fixar, para os diferentes postos, esixira a previa adscripción e desempeño efectivo dos mesmos.(...)”

En termos similares se pronuncia na páxina 10 cando indica que "(...) En liña co exposto, cómpre poñer de manifesto igualmente, que no marco deste procezo de racionalización e ordenación retributiva dos postos de traballo se procede a regularizar a particular situación derivada da percepción actual, por parte do personal municipal, dunha produtividade de carácter periódico e liñal, por parte do personal municipal; circunstancia que non se adecúa ás previsións normativas aplicables en materia de retribucións do personal da Administración Local e, de xeito particular, á definición legal que da produtividade se realiza- particularmente nos termos do definido no Real Decreto 861/1986, de 25 de abril-, e que foi obxecto de racionalización e regularización mediante o traslado desta percepción ao concepto retributivo legalmente máis acaído e axeitado, que resulta ser o Complemento Específico. Así, no proceso de valoración obxetiva e singularizado dos postos de traballo, aos efectos da determinación das súas retribucións complementarias, concretamente do Complemento Específico, xa se procederon a considerar o conxunto de condicións particulares que, legalmente, condicionan esta percepción salarial, incluíndo aquelas que puideran vincularse, anteriormente, e de forma inadecuada, á percepción dunha produtividade periódica e lineal, de tal xeito que todas elas serán valoradas e consideradas dentro das contías finalmente fixadas para o Complemento Específico de cada posto.

En todo caso, se como consecuencia deste proceso de racionalización e regulación retributiva derivada da aplicación da presente RPT, o personal afectado experimente unha minoración nas retribucións percibidas, con anterioridade, e que foran fixas e propias do posto/praza/ categoría desempeñados, este terá dereito a un Complemento Personal e Transitorio (CPT) pola diferenza, nos termos e co alcance fixado na Disposición Transitoria Décima da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública. (...)"

Así pois, a relación de postos de traballo parte dun principio esencial que rexeu todo o proceso de formación que é o de mantemento do nivel salarial dos traballadores municipais, polo que efectuada a adscripción provisional/definitiva é posible determinar neste momento que traballadores viron mermadas as súas retribucións trala aprobación da relación de postos e, polo tanto, teñen dereito a un complemento personal transitorio nos termos indicados polo citado documento.

Os anexos de personal funcionario e laboral para o exercicio 2014 non determinaron cales eran os postos que terían dereito á percepción dun CPT, polo que estando prorrogado o orzamento do ano 2014 ó exercicio 2015 resulta necesario efectuar a modificación dos anexos de personal funcionario e laboral do orzamento, asignando CPT ós postos afectados.

Logo de ver que lle corresponde ó Pleno da Corporación, artigo 22.2 "i) La aprobación de la plantilla de personal y de la relación de puestos de trabajo, la fijación de la cuantía de las retribuciones complementarias fijas y periódicas de los funcionarios y el número y régimen del personal eventual." Así como " e) La determinación de los recursos propios de carácter tributario; la aprobación y modificación de los presupuestos (...)"

Por todo o anterior, propónse, previos os informes da Intervención que, o Pleno acorde:

1º.-Modificar os anexos de personal funcionario e laboral do exercicio 2014, prorrogados ó 2015 que se incorporan á presente proposta, como anexo.

2º.- Publicar este acordo no BOP de A Coruña para que no prazo de quince días hábiles os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas.,

3º.- Unha vez aprobada definitivamente a modificación remitir copia á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma.

Fene, a 13 de febreiro de 2015

O ALCALDE

Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal

* Nota: o anexo incorporado á proposta engádese ao final desta acta"

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que, segundo o explicado na Comisión, trátase de facer uns axustes, xa que coa entrada en vigor da RPT había unha perda de poder adquisitivo dos funcionarios e esta modificación trata de que isto non sexa así.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 16 votos a favor (6 do grupo do PP, 5 do grupo socialista e 5 do grupo do BNG), cunha abstención do grupo mixto.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Modificar os anexos de persoal funcionario e laboral do exercicio 2014, prorrogados ó 2015 que se incorporan á presente proposta, como anexo (* Nota: o anexo incorporado á proposta engádesse ao final desta acta)

2. Publicar este acordo no BOP de A Coruña para que no prazo de quince días hábiles os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3. Unha vez aprobada definitivamente a modificación remitir copia á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma.

8. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal popular en relación coa petición de concesión do asilo político ao activista saharauí Hassanna Aalia

Consta no expediente a seguinte moción, transformada en moción conxunta de todos os grupos políticos municipais con carácter previo a este pleno e por acordo dos mesmos, e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade do 27.02.2015 por 5 votos a favor (3 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal do BNG) e 2 abstencións do grupo municipal socialista:

“PETICIÓN DE CONCESIÓN DO ASILO POLÍTICO AO ACTIVISTA SAHARAUI HASSANNA AALIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de xaneiro fíxose público o auto de resolución da solicitude de asilo político en España do mozo activista saharauí Hassanna Aalia, no que se lle comunica a denegación da protección e anúnciaselle a saída obrigatoria do territorio español, dándolle un prazo de 15 días para abandonar o Estado español, pese ao castigo que lle espera e o risco real de ser torturado si regresa ao Sahara Occidental baixo ocupación de Marrocos.

Hassanna é un mozo saharauí de 26 anos nado no Aaiún que solicitou o asilo político en xaneiro de 2012, tras decatarse que o seu nome figuraba na relación de acusados que ían ser xulgados en Rabat por un Tribunal Militar polos feitos do Gdeim Izik. Hassanna estaba nese momento en España, non por estar perseguido polo seu activismo en favor da causa saharauí, senón para estudar cunha beca que lle foi concedida para aprender español. A lei española que regula as condicións para a solicitude de asilo político establece cláusulas e prazos excepcionais cando as circunstancias que xustifican a petición débense a causa sobrevida no país de orixe, como sucedeu neste caso.

Hassanna Aalia figura no Sumario de Instrución do Tribunal Militar Permanente para a Forza Armada do Reino de Marrocos, xunto con outros 24 acusados, todos civís. Foi xulgado en rebeldía e a tenor da súa condena a cadea perpetua nunha sentenza que foi lida ante observadores de Human Rights Watch e Amnistía Internacional, entre outros, existen sobrados motivos para determinar que o retorno de Hassanna ao Sahara Occidental suporía un risco real para a súa integridade física.

Pero o Ministerio do Interior denegou a súa petición, malia que contaba cun contundente informe de ACNUR, que apoiaba a solicitude en virtude das circunstancias excepcionais de Hassanna Aalia, recoñecendo o seu activismo, as detencións que sufriu, os malos tratos, o acoso e a presión á que foi sometido por parte da policía marroquí, e a tortura da que foi obxecto. A primeira vez que foi torturado tivo lugar en outubro de 2005, cando tiña 17 anos, por participar nunha manifestación pacífica á saída da escola. Estivo dous días retido e, segundo declarou Hassanna, “os maltratos comezaron na mesma rúa onde fun arrestado e seguiron dentro do vehículo. Xa en comisaría, espíronme, colgáronme boca abaixo durante varias horas e non me deixaron beber auga”.

Interior denegoulle a protección internacional porque na sentenza escrita non figura o nome de

Hassanna entre os condenados, aínda que os observadores internacionais confirmaron que si foi nomeado na sala cando se leu o veredicto a cada un dos acusados. Por esta razón, o Estado español considera que hai un procedemento penal inconcluso e, aínda que non o di expresamente, no fondo está avalando a validez dun xuízo que foi denunciado polas máis importantes organizacións internacionais de defensa dos Dereitos Humanos por non ofrecer garantía algunha aos procesados.

Esiximos ao Ministerio de Interior do Goberno de España que en virtude da lexislación española e do compromiso co respecto aos Dereitos Humanos conceda o Asilo Político a Hassanna Aalia, activista saharai de Dereitos Humanos e defensor do dereito de autodeterminación do Pobo Saharai recoñecido pola lexislación Internacional, dado que o seu retorno ao Sahara Occidental supón un risco real para a súa integridade física.

Fene, 2 de marzo de 2015
Rocío Aurora Bértoa Punte
Voceira do grupo municipal popular

Antón Lois Noceda Carballo
Voceiro do grupo municipal socialista

Juventino José Trigo Rey
Voceiro do grupo municipal do BNG

María Carmen Martínez Rodríguez
Voceira do grupo mixto municipal"

Seguidamente intervén o alcalde que di que se trata dunha moción conxunta de todos os grupos políticos. Di que a solicitude chegou ao concello por correo electrónico de Solidaridade Galega co Pobo Saharai e da Delegación Saharai de Galicia.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Esiximos ao Ministerio de Interior do Goberno de España que en virtude da lexislación española e do compromiso co respecto aos Dereitos Humanos conceda o Asilo Político a Hassanna Aalia, activista saharai de Dereitos Humanos e defensor do dereito de autodeterminación do Pobo Saharai recoñecido pola lexislación Internacional, dado que o seu retorno ao Sahara Occidental supón un risco real para a súa integridade física.

9. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG para demandar un plan de emprego feminino

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade do 27.02.2015 por 2 votos a favor do grupo municipal do BNG e 5 abstencións (3 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal socialista):

MOCIÓN PARA DEMANDAR UN PLAN DE EMPREGO FEMININO

A presente moción envíase para ser presentada no Rexistro de Entrada do Concello, con independencia do seu tratamento polo Pleno da Corporación Municipal e facéndoo público a través dos medios de comunicación a nivel local ou comarcal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de desigualdade que viven as mulleres galegas viuse acentuada co aumento da precariedade laboral desde comezos da crise, sen a implantación de políticas efectivas que puidesen frear o crecemento da fenda que sitúa as mulleres á marxe e que lles deixa cada vez máis as portas abertas ao desemprego, ao emprego precario ou á emigración. Diferentes estudos e informes recollen datos sobre o desemprego e as lamentábes condicións dos traballos que desempeñan as mulleres na Galiza a día de hoxe, así como o elevadísimo número, sobre todo de mozas, que se viron obrigadas a abandonaren o noso país na procura dun futuro mellor. Falan os datos de diferentes estudos, entre eles os publicados polo IGE, e reflicten que a situación das mulleres no noso país vén empeorando de forma alarmante nos últimos anos.

A pesar de escoitarmos insistentemente o discurso da igualdade conseguida, a realidade reflicte que a fenda salarial continúa ampliándose e as mulleres son as principais afectadas cando nos referimos ás persoas que se atopan en risco ou situación de exclusión social. Asemade, o desigual reparto de responsabilidades á hora de asumir o traballo non remunerado supón que a maternidade sexa un factor de penalización sobre o emprego das mulleres. As chamadas políticas de austeridade frearon a posta en marcha de políticas de igualdade, tanto a nivel lexislativo como de realización de programas concretos. Así, algúns instrumentos con medidas antidiscriminatorias, como a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza, está paralizada. Nesta lei manifestábase o compromiso da Xunta de Galiza para integrar a dimensión de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, cumprindo co seguimento das políticas e accións sobre as que existen competencias en relación ao acceso ao emprego, desenvolvendo políticas de integración e apostando pola igualdade no ámbito laboral. Algunha das medidas máis necesarias neste momento incluídas nesta lei, como é a posta en marcha de medidas que melloren o emprego feminino, continúa a agardar pola súa implementación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar ao goberno da Xunta de Galiza a cumprir, nun prazo máximo de dous meses, coa promesa de aprobar un Plan de Emprego Feminino, co orzamento necesario para se desenvolver ao longo dos próximos catro anos. Este plan terá por obxectivo establecer medidas destinadas a incrementar a taxa de emprego feminino, promover a contratación de mulleres nos sectores en que está subrepresentada, reducir o alto grao de precariedade das traballadoras na Galiza, atallar as problemáticas específicas das mulleres nos ámbitos produtivos -labregas, mariscadoras, redeiras,...- atendendo especificamente a problemática das mozas galegas para accederen ao emprego.

Fene, 22 de abril de 2014

Asinado
O Portavoz"

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que co gallo do 8 de marzo o BNG pretende que a corporación municipal lle inste á Xunta de Galicia a cumprir unha serie de compromisos que xa levan tempo adoptados. Di que no último ano 7 de cada 10 empresas novas foron creadas por homes. Dende que comezou a crise, 4 ou 5 anos atrás, case que 60000 galegas tiveron que emigrar. As mulleres que teñen traballo traballan unha media de 2 horas máis ca os homes nas tarefas domésticas. Ademais, aumentou a temporalidade do traballo das mulleres e, en consecuencia, tamén o risco de exclusión social. Outro dato é que só o 18% das empresas galegas de novas tecnoloxías están formadas por mulleres. O 95% das solicitudes para o coidado de menores ou do coidado de familiares dependentes son solicitadas por mulleres nun 95%. Por outro lado, di, as mulleres para cobrar o mesmo salario ca un home teñen que traballar 80 días máis ao ano segundo as estatísticas. As comparativas dos salarios europeos din que o Estado español ocupou no 2012 o quinto lugar na lista dos países coa renda salarial máis dispar entre homes e mulleres, por detrás de países como Estonia, Austria, Alemaña e demais; esta distancia foi a máis entre 2008 e 2012, e por iso presenta esta moción.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que anuncia que votarán a favor da moción e di que a situación de discriminación que sofre a muller no mundo laboral afondouse aínda máis respecto dos homes cos efectos da crise. Por iso, considera importante a moción e pensa que é o momento oportuno para presentala, pois trátase dun dos colectivos que maior prezo está a pagar pola situación económica que se está a padecer.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que votará a favor da proposta e que debía ser a propia administración quen debía encabezar a igualdade no emprego feminino, pois hai pouco saíu nos xornais que o Servizo Galego de Saúde rexeitaba a unha traballadora polo mesmo feito de estar embarazada de 7 meses e non a consideraba apta para cubrir unha vacante.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que todos coinciden en que as diferenzas salariais entre mulleres e homes veñen de moi lonxe,

agravadas tamén por esta situación de crise que se padecen dende hai anos. Comparte o programa de formación de emprego, inda que pensa que é un pouco esaxerado o prazo máximo de 2 meses debido ao tema burocrático e solicitaríalle á administración que non fixera leis coma a do 2007, a Lei da igualdade do traballo de Galicia, que se quedan moitas veces en papel mollado porque non están apoiadas en ningún tipo de consignación orzamentaria nin ningunha finalidade, senón que están para cubrir o expediente e solicita, como di a moción, un plan de emprego feminino efectivo cun orzamento para o desenvolver. Por todo isto o seu partido votará a favor.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Instar ao goberno da Xunta de Galiza a cumprir, nun prazo máximo de dous meses, coa promesa de aprobar un Plan de Emprego Feminino, co orzamento necesario para se desenvolver ao longo dos próximos catro anos. Este plan terá por obxectivo establecer medidas destinadas a incrementar a taxa de emprego feminino, promover a contratación de mulleres nos sectores en que está subrepresentada, reducir o alto grao de precariedade das traballadoras na Galiza, atallar as problemáticas específicas das mulleres nos ámbitos produtivos -labregas, mariscadoras, redeiras,..- atendendo especificamente a problemática das mozas galegas para accederen ao emprego.

10. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da declaración institucional dos grupos políticos do Concello de Fene do día 8 de marzo, día da muller traballadora

O alcalde xustifica a urxencia porque o vindeiro pleno será en abril, logo do 8 de marzo, polo que estima que sería convinte incluír este tema nesta orde do día.

Ratificada por unanimidade a súa inclusión na orde do día o alcalde pasa a dar lectura á seguinte declaración institucional que é votada favorablemente pola unanimidade dos concelleiros:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DOS GRUPOS POLITICOS DO CONCELLO DE FENE NO DIA 8 DE MARZO, DIA DA MULLER TRABALLADORA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A loita pola igualdade da muller en España ten máis de 100 anos de historia, grazas a mulleres como as nosas avoas, nais ou mestras, que fixeron posible que as nosas fillas e fillos crezan hoxe nun país máis xusto, máis libre e máis igualitario. A auténtica revolución do século XX foi a incorporación da muller ao mercado laboral.

En data 8 de marzo o recordo, se remonta o século XX en Nueva York cando as mulleres traballaban fora das súas casas nas peores condicións e decidiron organizar unha manifestación polas rúas dos barrios ricos para que todos souberan da súa situación. O día 8 de marzo de 1908 tamén en Nueva York, un grupo de mulleres se encerraron la fábrica téxtil Cotton donde traballaban. O dono cerrou a fabrica e prendeu lume o edificio; morreron 146 mulleres. As tela que fabricaban era de cor violeta, por iso dende entón se converteu nun símbolo da loita da muller polos seus dereitos.

A visión de que todas as mulleres somos un piar para Galicia tamén está moi presente nun momento no que o contexto global esixe maiores cotas de enxeño e creatividade para poder crear proxectos de crecemento, e deste xeito é prioritario apoiar unha utilización máis extensa e eficaz do potencial e do talento das mulleres.

Homes e mulleres, somos, dende a diversidade, igualmente valiosos e necesarios, pero en demasiadas ocasións as mulleres seguimos tendo que demostrar o dobre para alcanzar a metade.

Despois de cen anos de loita permanecen roles e aspectos xerais sen inmutarse. Continua presente a violencia de xénero, a dependencia e as desigualdades no reparto de tarefas do fogar e o coidado de fillos e maiores. Continua activo na vida colidían o feito de que as mulleres acceden o mercado laboral pero en categorías inferiores e con peores condicións retributivas; y no mundo en desenrolo o fenómeno da feminización da pobreza, co feito que o 70% dos pobres do mundo sexan mulleres, o

as carencias en materia de saúde sexual e reprodutiva que fan que cada minuto morra unha muller no mundo consecuencia de lexislación que cercenan o seu dereito a decidir. Por iso o 8 de marzo ten que ser tamén a data na que as mulleres reivindiquen o seu dereito a decidir a súa maternidade.

Os datos e os feitos son tallantes: máis do 60% dos títulos superiores nas universidades de España e da Unión Europea teñen nome de muller e o Banco Mundial deixou claro que a achega das mulleres en decisións estratéxicas aumenta a produtividade da entidade nun 20% como media.

Non obstante hai que lamentar que a presenza feminina nos postos directivos das administracións dos Estados membros da UE apenas roza o 30%, en tanto que en España a media de mulleres nos consellos de administración do Ibex 35 só representan o 13,5%.

A participación das mulleres no mercado de traballo é cada vez maior; non obstante, aínda persisten as desigualdades laborais, especialmente nos postos directivos.

Así, o aproveitamento do talento feminino persegue potenciar unha participación máis ampla e diversa das mulleres no desenvolvemento económico e social de Galicia, aproveitando o talento, a experiencia e a visión deste valioso capital humano para aumentar as bases dun tecido produtivo máis innovador e competitivo e cada vez máis internacionalizado; fomentando ao mesmo tempo unha organización empresarial máis comprometida coa igualdade de xénero.

As mulleres están presentes en todas as facetas económicas e sociais do país, pero moitas seguen tendo que elixir entre a maternidade e a súa profesión, algo que non debe ser admisible na nosa sociedade. Entre as administracións, os axentes sociais e as empresas, o camiño ha de estar marcado: un modelo de sociedade que permita a igualdade real e efectiva de homes e mulleres.

A sociedade non pode permitirse este dispendio de talento, porque a maior igualdade aumenta a produtividade, mellora a competitividade e é motor de desenvolvemento.

Polo tanto, temos que apoiar as mulleres a que innoven, cren ideas e produtos competitivos. A creación de proxectos empresariais e o autoemprego constitúen un pilar relevante que busca promover o espírito emprendedor e a actividade empresarial das mulleres, cunha especial atención aos sectores vinculados á tecnoloxía, o coñecemento e a creatividade.

Por isto, faise necesario, polo tanto, apoiar e potenciar o desenvolvemento profesional das mulleres en Galicia en aqueles ámbitos de actividade económica onde aínda exista unha infrarepresentación feminina.

Por todo o anterior, os Grupos Municipais do Concello de Fene adoptan os seguintes acordos:

Instar a todas as Administracións públicas, dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais, a:

- a) Realizar campañas de divulgación e formación no ámbito do emprendemento feminino.
- b) Potenciar políticas e programas de apoio ao emprendemento feminino e á consolidación de proxectos empresariais liderados por mulleres como medio axeitado para a súa promoción, participación e progresión no mercado laboral.
- c) Mantemento da lei que permita as mulleres decidir libremente sobre a súa maternidade.

Fene, 26 de febreiro de 2015"

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que aínda que o sentido do voto está claro quere expresar no Pleno a súa protesta polas formas, xa que non é presentable que por 3º ano consecutivo se debata a moción do día da muller traballadora fóra dos órganos municipais porque alguén se esqueza que hai un órgano para debater estes asuntos. Por tanto, presenta a súa enérxica protesta polas formas e basicamente pola reiteración das formas, cando ademais neste asunto é moi doado acadar un consenso entre todas as organizacións democráticas aquí representadas.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que xa se ten manifestado respecto da urxencia das cousas. Neste caso fará fincapé en que o maior problema que hai para a igualdade da muller é a falla de oportunidades de emprego que teñen.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que quere puntualizar que é lamentable que a estas alturas aínda teña que haber un día para resaltar as desigualdades entre mulleres e homes.

11. Mocións urxentes

Non se presentan.

12. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Respecto dos pasos da vía en Perlío pregunta: como van as xestións para comezar a facer as obras?

Contéstalle o alcalde que o proceso de expropiación tramítalo Adif e non sabe como están os expedientes concretos de cada unha das fincas. Di que son 2 fincas en Antonia Montero e outras 2 no paso da Torre. Na derradeira reunión que se mantivo con Adif os servizos xurídicos municipais entenderon que os expedientes de expropiación debíalos tramitar Adif e eles non se opuxeron. A derradeira vez que se preguntou foi ao delegado de Adif na Coruña ao comezo de xaneiro, quen lle dixo que se ía poñer coa expropiación.

Non obstante afirma que si está tendo retraso e recoñece que a expropiación dos cachos pequenos non son complicados, non así a parte grande que se corresponde coa parte de atrás do edificio de Servando.

- Respecto do dominio .gal pregunta: mercouse xa o dominio?

Contéstalle o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que a retención de pagamento xa se fixera antes do debate da moción e o dominio xa está adquirido, aínda que non está en funcionamento.

- Cal foi o resultado da cacería de xabarís con arcos e frechas?, pois a xente segue a queixarse dos xabarís.

Contéstalle o alcalde que non sabe cal foi o resultado concreto. A batida foi autorizada pola Consellería de Medio Ambiente. Sabe que se fixeron esperas nocturnas e que se gravaron uns vídeos nos que se comproba que os xabarís entran en Navantia e semella que non queren saír de alí.

- Cal é a previsión e a opinión municipal sobre o cambio dos usos do polígono industrial? Cal é a previsión para o seu debate no Pleno?

Contéstalle a concelleira de Urbanismo, Rocío Aurora Bértoa Puente, que, tal e como se dixo na Comisión de Urbanismo da semana pasada, recibíuse o informe da Consellería de Medio Ambiente que di que non é preciso someter o expediente a informe de impacto medio ambiental. No período de exposición pública Augas de Galicia presentou unha serie de alegacións que están a ser informadas polo enxeñeiro municipal. O seguinte paso será a aprobación en Xunta de Goberno Local para logo remitir o acordo a unha serie de organismos: Augas de Galicia, AESA, Fomento, Camiño Inglés e demais, para continuar o trámite do expediente. O que o goberno non quere é que cando o expediente saia a información pública poida ter unha alegación que "tumbe" o procedemento por falta de comunicación.

A continuación o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, pregúntalle se é certo o que lle dixo de que o goberno traballa para presentar este asunto no derradeiro Pleno da lexislatura.

A concelleira de Urbanismo, Rocío Aurora Bértoa Puente, dille que o goberno o que pretende é facer todo o posible para que o que se inicia chegue a bo fin e que os prazos son os que son. O goberno cumpre cos pasos preceptivos para tramitar o expediente.

- En relación coa xestión catastral di que o asunto deu moitas voltas, foi ao xulgado e non sabe se está pendente de volver. Cambiouse de empresa por outra que deu moi poucas altas e finalmente sacouse un concurso no que se volve a situación inicial coa adxudicación a mesma empresa coa que había tantos problemas. Como se valora o periplo que ten seguido o goberno municipal coas altas do catastro? Como está a situación xudicial?

Contéstalle o alcalde que non o vai valorar porque o seu grupo o coñece ben e sabe que houbo que pagarlles máis de 60000 euros. Dille que descoñece que haxa outra nova situación xudicial.

Seguidamente a concelleira de Urbanismo, Rocío Aurora Bértoa Puente, contéstalle que sabe máis co propio goberno, pois de momento non se adxudicou. Dille que parece mentira que leve tantos anos como concelleiro e afirma que non ten nin idea de contratación nin de servizos, porque no tempo que estivo gobernando non foi quen de facer ningún contrato de servizos. Dille que o contrato do catastro a día de hoxe non está adxudicado a ningunha empresa. Houbo un procedemento aberto para a xestión catastral ao que se puideron presentar todas as empresas que cumprisen unhas condicións, entre elas a empresa á que se refire. Ao abrirse o sobre das condicións económicas a empresa en cuestión ofertou un prezo máis baixo. Para formalizar o contrato ás empresas teñen que presentar unha serie de documentación que descoñece se xa se lle requiriu ou se a presentou. O que pode dicir é que a día de hoxe non hai nada adxudicado.

- Como vai a xestión para a adxudicación dos terreos para levar a auga a Magalofes?

Contéstalle o alcalde que se está facendo a xestión pero non llo vai comunicar porque ao mellor mandan a unha empresa a mercar ditos terreos, como pasou a outra vez. Dille que estase pendente do informe do enxeñeiro municipal para que informe se os terreos contan coa cota suficiente para subministrar auga á parroquia de Magalofes e San Marcos; non obstante, nunha primeira apreciación parécelle que si podería ser.

- O alcalde informou dunha xuntanza cos responsables do Consorcio para a incorporación do Concello na nova Axencia de Servizos Sociais que creou a Xunta de Galicia, hai unha importante diferenza respecto das débedas que podería haber: hai algunha novidade logo da xuntanza que houbo esta semana?

Contéstalle o alcalde que a esta xuntanza acudiu a concelleira de Urbanismo porque el non puido acudir. Dille que se pode obviar o prazo concedido e que se vai pedir unha prórroga, que se vai pedir o importe da débeda que ten Fene co Consorcio e as altas da escola dos empadroados no concello para saber o que suporá a sinatura do novo convenio.

- Quere preguntar sobre as contratacións de empresas que se están producindo, cando menos ata o entroido, contratacións que non contan coas oportunas retencións de crédito. Saben que hai empresarios que veñen intentar cobrar ditos traballos e, no caso concreto da empresa Aníbal Soto, di que non ven facturas desta empresa, pero si saben que os seus traballadores están facendo tarefas para o Concello, por iso pregunta: cantos traballos ten feito esta empresa neste ano? cantos están pendentes? onde están esas facturas?

Contéstalle o alcalde que isto xa llo contestaron por escrito e non constan máis facturas presentadas en Fene, agás que houbera algún tipo de erro. No escrito pídesse e contéstase respecto das facturas de setembro, outubro e novembro.

O concelleiro do grupo municipal socialista, José Antonio López Rodríguez, di que o que queren saber é cales son todas as facturas pendentes, dende cando están pendentes.

O alcalde contéstalle que o consultará e que necesitarán tempo para revisar os partes de traballo que terán os encargados e facer un resumo.

- No mes de novembro o goberno dixo no Pleno, logo da tramitación dunha modificación orzamentaria, que non sabía onde ía meter tantos traballadores, posto que non tiña cartos para mercar material. Logo viron que o 02.11.2014 tivo entrada no concello dúas facturas por traballos feitos por peóns da empresa Sytgal, por conceptos semellantes á contratación de horas de traballadores e se non hai materiais para os traballadores municipais quere saber polo miúdo que fixeron estes traballadores externos, pois o único que aparece nas facturas é o posto de traballo, a especialidade e as horas de traballo sen constar que días, en que horario e que fixeron.

- Respecto do Punto Limpo pregúntalle ao alcalde: cando hai a previsión de traer a este Pleno algunha proposta de xestión do Punto Limpo que cumpra coa legalidade vixente e que estea informada polos técnicos municipais?

Contéstalle o alcalde que espera poderlles dicir algo no vindeiro Pleno, pois falou coa Dirección Xeral de Administración Local e aínda non lle deron ningunha resposta.

- Xa preguntaron moitas veces que se tiña pensado facer co PXOM, esta semana o alcalde informoulle que nesta lexislatura non habería PXOM e que sería mellor esperar, por iso haberá que ver como se xestiona o contrato cunha empresa que tiña que o encargo de facer un traballo que non se fixo e que se puido ter feito. Que previsión hai e que novidades hai da reunión mantida co equipo redactor? como se valora a xestión feita nestes 4 anos dun documento que estaba xa case feito para a súa exposición?

Contéstalle a concelleira de Urbanismo, Rocío Aurora Bértoa Puente, que o goberno xa explicou por que se está coa revisión do plan hai case 2 anos. O anterior goberno do señor Iván Puentes iniciou a reforma do plan porque se contradecía cunha normativa aprobada no 2002, cando o PXOM de Fene, que se iniciara no 1998, foi aprobado no 2003. Agora estase nunha situación semellante coa diferenza de que daquela xa estaba aprobada e agora estase traballando nunha nova Lei do solo que posiblemente afectará ao plan. Por todo isto o goberno prefire esperar e non tirar para diante con algo que leva moitos anos paralizado. En canto ao cumprimento contractual di que este contrato se formalizou en xaneiro do 2010 e a empresa vai cobrar en función do que presente. O documento de inicio presentouno a empresa o 31.12.2011, case 2 anos despois, polo que dille ao voceiro do grupo municipal socialista que non ten por que preocuparse por isto, porque a empresa non o está, pois non se está producindo ningún incumprimento contractual e se fose así, o principal interesado de que non pasase sería o propio goberno.

- Roga que o responsable de Obras e Servizos municipais lle elabore e facilite un informe que xustifique a contratación das empresas polas que preguntou antes, que xustifique a necesidade de contratación en relación coa dotación de recursos humanos nestes momentos.

- En relación coa problemática dos accidentes das curvas de Santa Ana, o alcalde anunciara un plan de intervención impresionante que se traduciu na instalación de dous sinais luminosos, dos cales un non funciona. Pensa que hai relación directa coa realización da obra e a redución do número de accidentes e agora que o firme se desgastou volven incrementarse, por tanto pensa que a solución non só é a sinalización, que non está de máis. Por iso roga que o estudo da Policía Local se complemente cun estudo do enxeñeiro municipal para coñecer cal é a situación de desgaste do firme da estrada e cal é o peralte axeitado da curva, que ben pode estar facilitando as saídas de vía que se están a producir nos últimos tempos.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Logo de case que 4 anos de lexislatura, como é que aínda non hai constituído un ente de conservación do polígono industrial?

Contéstalle o alcalde que o venres 06.03.2015 ás 20.30 h hai convocada unha reunión cos empresarios para este tema.

- Como está o remate da 2ª fase do polígono que se adjudicou a empresa Sedesa?

Contéstalle o alcalde que logo de que o anterior voceiro do grupo municipal do BNG comentara que o polígono non estaba completo, pois descoñecía que faltaban por construír unhas balsas de decantación e demais, cando veu a Directora Xeral do SEPES preguntoulle por este tema e polo pagamento do 3% pendente das parcelas ao Concello de Fene; respostou que ía estudar o pagamento e que non sabía que faltase algo por facer.

Prosegue dicindo que na 2ª fase do polígono igual ían as parcelas Q (comerciais) e comenta, como apreciación persoal, que a directora deulle a entender que podería haber un procedemento penal en Madrid por este tema, porque semella que houbo un pequeno movemento de terras das parcelas Q, un desmorte que non se corresponde co importe que tivo de 200000 euros.

- Que xestións se fixeron respecto da cesión do campo de fútbol de Maniños? Que se vai facer?

Contéstalle o alcalde que se están facendo trámites. No Pleno da Deputación de final de mes fíxose a reserva de crédito e agora traerase aquí a dispoñibilidade dos terreos, xa acordada pola asemblea da sociedade O Pote e que actualmente a está a informar secretaría.

Dito expediente tratarase aquí nun pleno extraordinario coa idea de que poida entrar o proxecto no Pleno da Deputación da última semana de marzo. Non obstante a xestión xa está feita e pensa que vale a pena.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, di que quere matizar que o que non pode ser é que o goberno non dea ningún tipo de información ao respecto.

O alcalde contéstalle que non a pode haber, porque o único que fixeron foi acordar coa Deputación unha reserva de crédito, que foi aprobado no pleno da última semana do mes e aínda estamos a principios do mes seguinte. Agora haberá que presentar o proxecto coa correspondente cesión dos terreos.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, di que aínda non hai tres meses que nunha Xunta de Voceiros o alcalde lles dixo que non vía ningún xeito de cesión desta instalación deportiva porque iso era unha hipoteca para o Concello e agora atópanse que se está facendo.

O alcalde dille que aínda non se sabe o custe que vai levar porque o proxecto aínda non está feito. A medida que se saiban as cousas informaráselles.

- Na zona de Marraxón di que está cortado o cable do alumeadado público e roga que se repoña. Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Painceiras, que estase a traballar para repoñer os puntos de alumeadado nos que roubaron o cable en Magalofes e Marraxón. Tamén puxeron alumeadado no túnel de San Valentín.

- Cando está previsto o remate da galescola do Carril?

Contéstalle o alcalde que estase traballando no tellado. As previsións son que deberá entrar en funcionamento para o vindeiro curso.

- Cal foi o custe da limpeza das marquesiñas?

Contéstalle o alcalde que se lle achegará dito custe.

- Hai demanda para facer novos nichos no cemiterio municipal? Cantas persoas interesadas hai?

Contéstalle o alcalde que si hai demanda.

A concelleira de Servizos Sociais, Juana Barro Couto, di que hai uns días había 75 solicitudes.

- En relación coa empresa que levaba o catastro pensa que demandou ao concello porque o concello non pagaba. Para que o xulgado lle dese a razón a empresa, esta tería que xustificar os traballos feitos, polo tanto todas esas probas as terá o concello e iso non coincide co dito pola concelleira de Urbanismo. Por iso pregunta por isto.

Contéstalle o alcalde que neste pleno acábbase de dicir que non valen as facturas por conceptos de persoas e horas. As facturas que se lles facilitaron achegáronse cun albarán. As facturas da empresa Gainto especificaban só o número de altas e o prezo. Hai informes, que el mesmo lles ensinou aos voceiros, da técnica de tributos que poñen de manifesto que os datos facilitados nesa facturación non valían para nada pois carecían de nome, de DNI e dos requisitos mínimos necesarios para considerala factura, por tanto pagar 32000 e 38000 por simples papeliños que poñen 400 altas catastrais, non os vai pagar, pero se llo manda un xuíz si.

En reiteradas ocasións se lle pediron aclaracións, que especificara os conceptos da factura e non o fixo. Logo promoveu o proceso xudicial e se fixo o traballo é evidente que se lle pagará. O xulgado remitiulle un oficio ao Catastro para que lle informara do traballo feito, cousa que fixo, pero ao concello non lle informou de nada.

Por todo isto pensa que era temerario pagar esas facturas.

O que hai son 2 procesos xudiciais e semella que alguén sabe que promoveu outro, porque efectivamente sen autorización, seguiu traballando.

A concelleira de Urbanismo, Rocío Aurora Bértoa Puente, matízalle que na contestación que lle deu ao voceiro do grupo municipal socialista non falou do proceso xudicial, dixo que se a actual empresa do servizo catastral non deu nin máis altas nin modificacións foi porque a anterior empresa, á que levan máis de 3 anos pedíndolle que achegue a documentación sen tramitar, non achegou ningunha outra documentación.

- En relación co punto limpo :que se fixo dende o pleno de agosto ao respecto da súa xestión? O seu grupo daquela xa propuxo xestionalo conxuntamente con Cabanas.

Contéstalle o alcalde que neste Pleno se puxeron dúas obxeccións que polo visto figuraban nos informes dos técnicos e el pensa que non. O custe do Punto Limpo vén determinado, sábese o que lle vai custar aos 4 concellos. Logo houbo a discusión sobre a lei feita polo PP que non determina claramente se as competencias sobre recollida de residuos sólidos lle corresponden ao concello ou á deputación. Daquela pedíuselle informe á Deputación, informe que se trouxo ao Pleno e que non se manifestaba nin nun sentido nin noutro, por iso os grupos políticos teñen a facultade de tomar unha

decisión e pasar por enriba destas disquisicións, porque todos saben que a recollida de residuos sólidos a está facendo o concello e a vai seguir facendo porque ninguén se vai facer cargo dela.

Polo tanto, púidose ter votado a favor e aprobarse o Punto Limpo, igual que se fixo en Cabanas, Ares ou Mugaros. Aquí atascouse e tanto se atascou que agora terían que pedir un informe a Facenda para que dixera que o custe do servizo mancomunado é menor que o custe por separado dos catro concellos. Afirmo que isto é de "perogrullo". Espera que en aplicación da lei galega, a Dirección Xeral de Administración Local achegue un informe que lle guste á oposición e se non haberá que tomar a decisión de facer un punto limpo para Fene e dotalo orzamentariamente co aumento correspondente. O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, di que os informes dos técnicos lles valen pero é que son desfavorables.

O alcalde dille que lle fai graza e preguntalle cantas veces votaron vostedes a favor con informes en contra?

- O seu grupo solicitou unha información respecto da xestión dos pavillóns municipais hai algún tempo e na resposta obtida atoparon unha figura curiosa como é que un determinado clube está exento de taxa por un convenio particular coa Concellería de Deportes. Este tipo de convenio non se axusta cos artigos 10 e 11 da ordenanza; solicita unha vez máis que se actualicen as ordenanzas e pregunta se existen máis convenios semellantes.

Di que non está en contra destes convenios, pero leva moito tempo pedindo que se actualicen as ordenanzas, algo que só o pode facer o goberno e que evitaría cousas como estas.

Contéstalle a concelleira de Cultura e Deportes, Rocío Aurora Bértoa Puente, que o informe que se lle achegou contesta concretamente a unha pregunta feita na Comisión de Cultura por un concelleiro do seu grupo político e que elaborou o xestor das instalacións deportivas.

Á pregunta se existen máis convenios semellantes dille que debería coñecer que dende o 2008 ou 2009 pasa o mesmo co campo de fútbol dos Pinares, é unha situación de feito que se produce dende hai anos, situación coa que sabe que a oposición non está en contra.

Neste caso si que existe un convenio baseado na discriminación positiva, existe un grupo de fútbol feminino que se chama Ártabra Fene que se constituíu en Fene, buscou o xeito de fomentar este deporte, creouse esa escola, apostouse por elas nun primeiro ano e neste sentido asume o convenio como responsable da área de Deportes.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, quere puntualizar que por iso rogan que se actualicen as ordenanzas, pois aínda que todos estean de acordo en determinadas exencións, débense contemplar nas ordenanzas.

A concelleira de Cultura e Deportes, Rocío Aurora Bértoa Puente, dille que a ordenanza fiscal que regula o campo de fútbol é de xaneiro de 2011 pero o campo de fútbol é municipal dende xaneiro do 2008 e cando non existe unha ordenanza a aplicar débese aplicar outra por similitude e iso non se fixo.

A continuación intervén o alcalde que di que se está a falar do mesmo, acábese de xerar unha situación de feito igual que anteriormente, co anterior goberno, se xerou outra situación de feito.

- Roga que se faga un informe e se tomen as medidas necesarias para eliminar as plantas invasoras que nacen no polígono e que mesmo poden variar os ecosistemas onde están.

- Roga que as concellarías se poñan de acordo á hora de facer as convocatorias ás sociedades e asociacións, porque tiveron queixas de que recentemente a concellaría de Deportes e a de Facenda convocaron para o mesmo día a distintas entidades para a realización de reunións.

Contéstalle a concelleira de Cultura e Deportes, Rocío Aurora Bértoa Puente, que aínda que algunha vez puido ter sucedido, neste caso non. A Concellaría de Cultura convocou ás comparsas e a Concellaría de Promoción Económica convocou ás sociedades, por iso di que pouco ou nada ten que ver unha cousa coa outra, aínda que pode darse a casualidade que algún membro dunha sociedade vaia nunha comparsa ou viceversa, pero iso non o comprobamos dende o concello.

- Roga que se repoñan un cristal exterior e outros de portas interiores da escola de Maniños.

- Roga que se dea conta aos representantes municipais no Consorcio das reunións que se fagan. Contéstalle o alcalde que se lle notificou aos representantes municipais respecto da asemblea anual, que unha cousa é un acto institucional e outra un acto de goberno. Non houbo máis reunión que a asemblea do Consorcio na que se acordou a disolución deste e á que foron notificados os representantes municipais, entre eles o representante do BNG.

Logo houbo outra reunión o martes co Xerente do Consorcio para esclarecer unha dúbidas en relación co novo convenio. Non houbo nada máis.

A voceira do grupo mixto municipal, María Camen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Di que leva varios anos recibindo as mesmas queixas en relación coas comparsas do entroido, pois o público non sabe cal é a valoración que recibe cada comparsa e entende que a valoración debía facerse no mesmo momento da actuación. Por iso roga que se cambie o xeito de facer as valoracións.

- En relación coa cesión do campo de fútbol do Maniños, di que os concelleiros deben estar informados das negociacións que se fan, moitas veces son preguntados na rúa e semella que non saben nada, por iso leva pedindo reiteradamente que se facilite a información, aínda que sexa algo que está en proxecto.

Contéstalle o alcalde que ata o momento o goberno non fixo nada que sexa competencia do concello, o único se fixo foi tratar de xestionar os cartos na deputación, que foi o que lle pediron. O que teñen é unha valoración, unha memoria do que pode custar e aínda o venres pasado se fixo a reserva de crédito. O que se fixo foi xestionar a cesión dos terreos, pero a decisión a fixo a sociedade O Pote. Agora hai que facelo todo, hai que facer o proxecto. O luns na Xunta de Voceiros aínda non sabía que se aprobara a reserva de crédito.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Urbanismo, Rocío Aurora Bértoa Puente que lle di que a idea do campo de fútbol parte da sociedade O Pote, a propietaria do campo, que nunha asemblea, sen ter coñecemento o concello, decidiu ceder o campo para o caso de que exista orzamento ou o que o concello leve a cabo a instalación da herba artificial. Logo daquela asemblea convocaron ao concello a unha reunión na que o alcalde lles manifestou que o concello non ía facer esta inversión porque non hai partida orzamentaria para facelo e que hai outras prioridades nas que investir os cartos. Non obstante, díxolles que trataría de facer as xestións oportunas para acadar o orzamento necesario para poder facer este proxecto.

A continuación o alcalde engade que tal é así que a sociedade O Pote fai dúas asembleas, na primeira decidiu, unilateralmente, cederlle os terreos ao concello sen máis, un acordo que non tiña a redacción e os requisitos axeitados para podelo executar, por iso tiveron que facer unha segunda asemblea para tomar un novo acordo.

- Vai haber novos orzamentos antes de acabar a lexislatura?

Contéstalle o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que hai un anteprojecto no que aínda están traballando. A súa intención é presentalos antes do fin da lexislatura.

- Na praza Verde díxose que se ían arranxar as bases dos farois e aínda están sen facer, vaise facer?

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Paincieiras, que se procederá ao seu amaño.

- Por que non está en funcionamento o dominio .gal?

Contéstalle o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que lle contestará por escrito cos motivos concretos.

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 19:43 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas

ANEXO